



Escola Galega da Paisaxe
Juana de Vega



Convocatoria

Premios Juana de Vega de Intervencións na Paisaxe 2023.

**Categoría: Intervencións privadas no patrimonio
construído e na súa contorna**

Obxecto

O Premio Juana de Vega de intervencións na Paisaxe xorde do convencemento de que a paisaxe é un elemento fundamental do patrimonio de calquera sociedade humana por incidir directamente no seu benestar físico e social e por ser un recurso socio-económico de enorme potencial. Para poñer en valor e mellorar a calidade paisaxística do territorio, a Escola Galega da Paisaxe Juana de Vega convoca o Premio como recoñecemento a aquelas intervencións no patrimonio natural e construído que contribúan a mellorar a calidade dos elementos que configuran a paisaxe de Galicia e sirvan de referencia social para futuras intervencións no mesmo.

No ano 2023 convócase o Premio na **categoría de INTERVENCIÓNS PRIVADAS NO PATRIMONIO CONSTRÚIDO E NA SÚA CONTORNA**, que ten como obxecto recoñecer aquelas intervencións que recuperen o patrimonio construído e poñan en valor a súa contorna.

Prazos

O prazo de presentación de candidaturas estará aberto **ata o 30 de xuño de 2023** e o fallo do xurado darase a coñecer no último cuadrimestre do ano.

Valoración

Dentro da súa liberdade para tomar decisións, o xurado deberá valorar os seguintes aspectos nos proxectos presentados ao premio:

- Posta en valor dos elementos construídos.
- Integración na contorna.
- Incorporación de criterios de sostibilidade.
- Economía no uso dos materiais.

Candidatos

Poden ser candidatos ao premio:

Autor/es do proxecto ou da intervención, cuxo **promotor sexa unha persoa física ou xurídica de natureza privada**. Só se admitirán intervencións realizadas en Galicia, que fosen rematadas entre o 1 de xaneiro de 2020 e o 31 de decembro de 2022.

As candidaturas poden ser presentadas polo autor/es ou por un terceiro, incluídas asociacións ou outras entidades que teñan coñecemento de intervencións que ao seu xuízo, poidan ser merecedoras dos premios.

O xurado poderá premiar proxectos que non se presentasen á convocatoria se os consideran merecedores do mesmo.

Dotación

O premio terá unha dotación económica de 6.000,00 €. Ademais, os premiados recibirán un diploma acreditativo.

A criterio do xurado poderán concederse dous accésits, dotados cada un deles cun diploma e unha cantidade económica de 1.500,00 €.

Os traballos premiados serán difundidos a través da web da Fundación, redes sociais, prensa xeral e medios especializados.

Xurado

O xurado estará formado por:

- | | | |
|-------------|---|---|
| Presidente: | — | Gonçalo Byrne, Arquitecto Portugués. |
| Secretario | — | Pedro Calaza Martínez, Doutor Enxeñeiro Agrónomo, Doutor Arquitecto da Paisaxe e Director da Escola Galega da Paisaxe Juana de Vega. |
| | — | María Isabel Iglesias Díaz, Doutora en Ciencias Biolóxicas e Profesora Titular do departamento de Produción Vexetal e Proxectos da Enxeñería da Universidade de Santiago de Compostela. |
| | — | Teresa Táboas Veleiro, Doutora Arquitecta e Membro do Consello da Unión Internacional de Arquitectos. |
| | — | Covadonga Carrasco López, arquitecta en CREUSECARASCO, con varios galardóns, entre eles o Premio Juana de Vega de Intervencións na Paisaxe, na categoría de vivendas unifamiliares e o Premio da Bienal de Venecia pola Remodelación do Porto de Malpica. |
| | — | Encarna Otero Cepeda, Historiadora e membro do Padroado do Museo do Pobo Galego. |
| | — | Jesus Sánchez García, Catedrático de Historia do Arte da Universidade de Santiago de Compostela. |
| | — | Enrique Sáez Ponte, Presidente da Fundación Juana de Vega. |

Incompatibilidade

Non poderán optar ao premio os membros do xurado e os seus asociados ou colaboradores de calquera tipo, os empregados da Fundación Juana de Vega, así como os familiares dos mesmos, calquera que sexa o grao de parentesco.

Documentación

A proposta deberá acompañarse da seguinte documentación:

- a _ Formulario de presentación de candidaturas (ANEXO) cumprimentado e asinado polo autor ou pola persoa que presenta a candidatura.
- b _ Certificación asinada polos autores na que se dea fe do remate da obra dentro do prazo establecido no apartado periodicidade das bases, así como a data de visado e o número de expediente colexial, acompañado do certificado final de obra, no caso de que polo tipo de intervención, se requira visado colexial.
- c _ Declaración Xurada do autor ou autores sobre os datos económicos obxecto do proxecto ou da intervención, na que se indicará o orzamento total de execución da intervención rematada e metros cadrados obxecto da mesma.
- d _ Declaración xurada do autor ou autores na que se dea fe de non incumprir ningún suposto de incompatibilidades sinaladas no apartado de incompatibilidade.
- e _ Fotografías e planos do estado previo ao inicio das obras e do estado final das mesmas.

f _ Plano de situación da intervención que permita a súa localización.

g _ Breve memoria descritiva da intervención en formato DIN A3 en horizontal, a unha soa cara, na que xustificarán os materiais empregados e os demais valores estimados a xuízo do autor/es. Esta memoria acompañarase de planos de situación e representativos da intervención realizada, no mesmo formato DIN A3.

Toda a documentación deberá presentarse en soporte papel co formato e as dimensións indicadas nos apartados anteriores ademais de en soporte dixital en arquivo PDF e as fotografías deberán ter unha resolución mínima de 300PPP en formato JPG.

A documentación achegada quedará en propiedade da Fundación Juana de Vega. Igualmente, todo o material gráfico e fotografías estarán libres de dereitos de autor e os concursantes galardoados co Premio ou cun accésit, autorizan expresamente á Fundación Juana de Vega, polo feito de presentar a súa candidatura, a utilizar a documentación gráfica para a edición de publicacións en soporte papel ou en dixital, co obxectivo de difundir os resultados das diferentes convocatorias.

Lugar de presentación de candidaturas

As candidaturas deberán presentarse en:

Fundación Juana de Vega

Rúa Salvador Allende, 92, 15176, San Pedro de Nós – Oleiros (A Coruña)

Tel. +34 981 654 637

e-mail.: info@juanadevega.org

web: www.juanadevega.org

Fallo do xurado

O xurado, á vista da documentación presentada, poderá realizar unha selección previa daquelas intervencións ou obras que considere reúnen condicións suficientes para optar ao premio, e realizar unha posterior visita ás mesmas. Os premios e os accésits poderán quedar desertos se as propostas presentadas non se consideran axustadas aos obxectivos do mesmo.

Unha vez analizadas todas as propostas, as decisións do xurado adoptaranse por maioría simple, sen voto de calidade. As decisións do xurado así adoptadas serán inapelables.

O fallo do xurado farase público a través da páxina web da Fundación Juana de Vega e noutros medios. Igualmente, os autores premiados recibirán unha comunicación por escrito na que se lles dará conta da resolución do xurado.

A entrega do premio realizarase nun acto público que terá lugar na sede da Fundación Juana de Vega, no último cuadrimestre de cada ano.

Aceptación das bases

A simple presentación de propostas para optar ao premio, implica o coñecemento e a plena aceptación das bases da convocatoria que pode consultar na seguinte ligazón: [Bases Premio](#)

Anexo

Formulario de presentación da candidatura ao premio Juana de Vega de Intervencións na Paisaxe 2023.

Categoría Intervencións privadas no patrimonio construído e na súa contorna

Nome da intervención:

Situación da intervención (dirección, concello e provincia):

Autor/es da intervención:

Colaboradores:

Promotor:

Dirección postal:

Email:

Teléfono:

Data remata obras:

Orzamento total:

Orzamento de contrata:

Superficie de actuación (m2):

Autorización ao tratamento de datos

Informámoslle que os datos facilitados directamente polo/a titular ou por un terceiro/a, serán tratados de forma confidencial e en- trarán a formar parte de diferentes tratamentos de datos, sendo responsable dos mesmos FUNDACION JUANA DE VEGA, con CIF ESG15050602, a partir de agora O RESPONSABLE.

1. Tratamentos de datos

O RESPONSABLE, solicita os datos de titular/ para distintos tratamentos, sendo usados só para determinados fins, indicados en cada un dos tratamentos. Os datos non serán tratados posteriormente de maneira incompatible co devandito fin. No seu caso, se houberse un tratamento cuxo fin non coincidise con aquel para o que foi solicitado nun principio, o/a TITULAR deberá ser informa- do sobre esa outra finalidade. O RESPONSABLE realiza os seguintes tratamentos:

XESTIÓN DE USUARIOS/AS

- Finalidade e lexitimación: Xestión da relación co/a usuario/a, regularización do alta como usuario/a, realización de orzamentos, facturación de servizos e/ou produtos ou outros tratamentos necesarios para a xestión, en base á relación existente.
- Cesións: Os seus datos serán cedidos a: bancos para a emisión de recibos e cobranzas, a terceiros cos que o respon- sable teña contratado un servizo de asesoramento contable e fiscal, e á administración pública con competencias na materia fiscal.
- Prazo: O tempo de conservación será de cinco anos unha vez terminada a relación contractual.
- Dereitos: Dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición e limitación

XESTIÓN DE CONTACTOS

- Finalidade e lexitimación: crearase unha axenda para a xestión de contactos achegadas por titular/ ou un terceiro/para autorizado/a para poder manter a relación e enviar notificacións e/ou avisos necesarios para a prestación do servizo ou realizar ~~xestión~~ ~~de~~ pertinentes. Esta axenda pode incluír os datos recolleitos a través de formularios web de contacto para a pertinente xestión. A base de lexitimación é a relación contractual/comercial e/ou o interese lexitimo do/da titular.
- Cesións: Os seus datos serán cedidos en casos específicos, e amparados por un contrato de confidencialidade a terceiros/ as para a prestación dun servizo necesario para o responsable.
- Prazo: Os datos conservaranse mentres dure a relación contractual entre O RESPONSABLE e o/os titular
- Dereitos: Dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición e limitación

XESTIÓN DE EVENTOS

- Finalidade e lexitimación: Tratamento dos datos necesarios para a execución dun contrato no que o interesado é parte ou a través do consentimento expreso para o tratamento dos seus datos, para poder organizar, coordinar e xestionar eventos e actividades de diversas índoles.
- Cesións: Poden realizarse cesións a colaboradores/ as na organización dos eventos, nese caso formalizárase un con- trato de encargado de tratamento co mesmo. Tamén pode darse un acceso incidental por un encargado de tratamento necesario para o funcionamento do sistema automatizado.
- Prazo: Os datos serán conservados o tempo necesario para a coordinación dos eventos e para cubrir as obrigacións legais.
- Dereitos: Dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición e limitación.

XESTIÓN MULTIMEDIA

- Finalidade e lexitimación: Tratamento de imaxes e/ou vídeos para uso interno por parte do responsable ou para a ela- boración e difusión de contido promocional en redes sociais, páxina web, medios de comunicación, revistas ou outros medios que considere oportunos. A base de lexitimación é o consentimento expreso ao tratamento.
- Cesións: Os datos poden ser cedidos para a elaboración do contido ou a súa difusión, ademais do posible acceso incidental por un encargado de tratamento necesario para o funcionamento do sistema. Devanditos casos quedarán amparados baixo acordos de confidencialidade.
- Prazo: Os datos serán tratados ata a oposición por parte do titular ao tratamento ou a perda relevante do seu uso.

- Dereitos: Dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición e limitación

ENVÍO DE NOTIFICACIÓN E AVISOS

- Finalidade e lexitimación: Tratamento dos datos identificativos para o envío de notificacións e avisos de interese para o/a titular dos datos en relación coas actividades da Fundación. A base de lexitimación é o consentimento expreso ao devandito tratamento recollida no apartado 5. consentimento.
- Cesións: Non están previstas cesións salvo obrigación legal ou acceso incidental por un encargado de tratamento necesario para o funcionamento do sistema.
- Prazo: Os datos serán tratados durante a duración do contrato ou ata a oposición por parte do titular ao tratamento.
- Dereitos: Dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición e limitación

2. Exercicio de dereitos

Pódense exercitar os dereitos de Acceso, Rectificación, Cancelación, Oposición, Limitación e/ou Portabilidade (dependendo de cada caso), a través dun escrito (acreditando a súa identidade mediante un documento identificativo oficial: NIE, DNI, Pasaporte) dirixido a FUNDACION JUANA DE VEGA en Avda. Salvador Allende, 92, , 15176 - Oleiros (A Coruña) ou mediante correo electrónico a info@juanadevega.org. Vostede pode solicitar a tutela sobre os seus dereitos #ante a Axencia Española de Protección de datos C/ Jorge Juan, 6 28001-Madrid - FAX: 914483680- TELF: 901 100 099- E-mail: ciudadano@agpd.es

3. Consentimentos

Mediante a firma do presente documento vostede autoriza ao tratamento dos seus datos para os fins descritos no apartado 3. Tratamento de datos, excepto os que requiren consentimento expreso .

Autoriza Non autoriza o tratamento de imaxes e/ou vídeos para uso interno por parte do responsable, para a difusión promocional do responsable en redes sociais, páxina web ou outros medios que considere oportunos, así como para o envío de notificacións e avisos para manterlle informado do servizo.

Firma:

Firmado en _____ a _____ de _____ de 2023

Por: _____

Imprimir documento